

Nadia Vázquez nace en 1996 en A Guarda, onde comeza a tocar a gaita con 9 anos no Conservatorio Elemental de Música. En 2015 finaliza os seus estudos no Conservatorio Profesional de Música de Tui obtendo o Premio Extraordinario de fin de Grao na especialidade de Gaita, e nese mesmo ano comeza a súa formación na especialidade de "Instrumentos da Música Tradicional e Popular de Galicia" (IMTP) no Conservatorio Superior de Música de Vigo da man de Rebeca Carrera. O 3º curso realízao como estudante erasmus na universidade "Leuven University College of Arts" (L.U.C.A. School of Arts), Campus Lemmens (Bélxica) onde se achega á Musette Barroca co Doutor Jean-Pierre Van Hees. Durante a súa estancia no estranxeiro impartiu conferencias sobre gaita galega en Bélxica e Eslovaquia, e participou en varios festivais de música en diferentes países de Europa, tales como Bélxica, Eslovaquia, Croacia e Francia.

Complementa a súa formación académica asistindo regularmente a cursos e obradoiros impartidos por gaiteiros de recoñecido prestixio no país como Daniel Bellón, Pablo Devigo, Xurxo Fernández e Marcos Campos entre outros.

En 2019 comeza o seu proxecto persoal Nadia Vázquez Trío xunto a Fernando Estévez e Martiño Malleiro, onde a gaita galega colle o papel protagonista en repertorio tanto tradicional como de autor.

Como gaiteira participou en diferentes festivais de Europa (Francia, Croacia, Bélxica...), e nos últimos anos, participou en varios concursos de gaita solista como o Concurso Solista de Cornamusas (Francia) onde obtivo o 1º premio (2018), XVII Concurso de Música Tradicional Xacarandaina, 1º premio (2016), e o I Concurso de gaita e tamboril de Tui, 2º premio (2015).

Actualmente estuda na universidade "Leuven University College of Arts" co profesor Pieterjan Van Kerckhoven un "Máster en Música" na especialidade de "Musette Barroca", actividade que compaxina coa súa actividade docente como profesora de gaita galega tamén en Bélxica.